



# O exemplo vivo da parroquia de Meiro


X. L. Méndez Ferrín

Observamos, desde lonxe pero admirados, o traballo de recuperación da propia cultura que un grupo de veciñas e veciños da freguesía de Meiro, no Concello de Bueu, veñen realizando. Estas persoas están a levantar un mito do noso tempo: o do millo corvo, que significa a raíz, a fidelidade ao pasado, a herdanza e a identidade. Cunha intelixencia pouco corrente, os de Meiro, ao mesmo tempo que poñen a andar os muíños e a arar a derradeira parella de Bois do Morrazo, procuran as excelencias culinarias, así no universo do pan e da empanada como no territorio dos doces e postres, do millo preto (que seica os corvos non queren). De maneira que as veciñas e veciños de Meiro non parecen *tradicionalistas*, nin namorados aparvados do pasado por que si; antes ao contrario, son moi conscientes de que toda cultura tradicional que non teña aplicación práctica (non digo *util*) na vila das xentes do noso tempo é un cadáver unha chafallada, un chintófono innecesario.

Os de Meiro dannos, coa súa recuperación do millo corvo, unha lección e ensinannos a todos un camiño. Debemos, se queremos seguir sendo nós mesmos, salvar da morte os usos, os costumes, as prácticas do pasado que nos individualizan e nos fan diferentes a todas as comunidades humanas do mundo. Pero esa perservación debe ir unida a unha inserción dos propios valores nas necesidades e na cultura do noso tempo. Se non se fai así, aparece o *folclorismo* e a imaxe tópica e costumista, que os galegos non queremos ofrecer ao resto dos seres humanos. Sermos da nosa Terra e do noso Tempo, esa parece ser a consigna que emana dos traballos da Asociación Sociocultural de Meiro.

Mirando as xentes de Meiro labourar arredor do seu propio patrimonio cultural, vénsenos á idea unha frustración e o que consideramos un fracaso histórico que hai que corrixir.

Desde os vellos galeguistas de antes da Guerra Civil, entre os cales se contaba Johán Carballeira, alcalde asasinado de Bueu, sempre se pensou en Galicia para ser real-



Gradando na Finca de Arriba

mente ceibe, debería recuperar o poder político local das parroquias rurais, semi-rurais e urbanas, que constitúen as células básicas da súa civilidade. Así ocorre no sistema de réxime local da República Portuguesa, onde as Xuntas de Freguesía son o degrau básico dos Concellos, pero non aquí, onde seguimos ignorando, desde o punto de vista administrativo, as nosas parroquias ou freguesías. Mesmamente semella que os máis avanzados nacionalistas deixaron esquencido no pudrideiro das malas lembranzas a vella reivindicación de Castelao e do Partido Galeguista: *todo o poder local para a súa unidade fundamental, que é a parroquia*. Isto debe mudar.

Disculpádeme que fale de política: eu non teño remedio. O que pasa é que á vista do traballo unitario, brillante, solidario, que vexo na parroquia de Meiro, non podo menos que soñar unha Galicia na que todas as parroquias se moven na dirección identitaria e onde a célula basilar da súa vida política sexan os mil Meiros que forman a nosa Nación e que no interior desas células haxa sempre xentes semellantes a Victoria Martínez que turren avante da lenta xugada de bois que é a nosa sociedade magoorda que aspira á luz.



A casa do millo corvo. Agrosouto.